

**Acordo do Consello de Dirección do Servizo Galego de Saúde, do 5 de xuño de 2024, sobre a encomenda de funcións ao persoal residente no seu cuarto ano de formación na especialidade de Medicina Familiar e Comunitaria.**

O atraso na incorporación do persoal laboral residente en formación no ano 2020 ata o mes de setembro, como consecuencia da pandemia, está a xerar unha situación extraordinaria na finalización do período formativo no 2024 nas especialidades de catro anos de duración, entre as que se atopa a especialmente deficitaria de Medicina Familiar e Comunitaria.

A maior dificultade xerada por esta situación vén dada polo feito de que o período no que se atrasa a finalización e incorporación destes/as especialistas coincide co período estival, no que existe unha maior necesidade de contratacións para poder levar a cabo as substitucións por goce de vacacións ou para o reforzo de servizos con maior demanda durante o devandito período.

Por tal motivo, con base no grao de responsabilidade e autonomía que a normativa reguladora da formación sanitaria especializada permite asumir ao persoal laboral residente no seu último ano de formación -Real Decreto 183/2008, do 8 de febreiro, e normativa complementaria- **acórdase adoptar a seguinte medida:**

**Primeiro. *Encomenda***

Coa finalidade de garantir a atención sanitaria á cidadanía, a correspondente xerencia da área sanitaria poderá encomendar ao seu persoal residente en formación na especialidade de Medicina Familiar e Comunitaria, que se atope nos últimos catro meses do período formativo, o desempeño de funcións que son desenvolvidas ordinariamente polo persoal estatutario especialista e que sexan adicionais e extraordinarias respecto ás prestacións propias do seu plan de formación. Esta medida estará dirixida á prestación de asistencia en centros da área sanitaria

que precisen reforzos ou teñan especiais necesidades de cobertura (por exemplo por unha sobrecarga estacional).

Para realizar esa encomenda contarase co *visto e prace* da comisión de docencia, que incorporará, de ser o caso, as adaptacións que poidan ser precisas no plan de formación e en materia de supervisión.

O desempeño das funcións adicionais encomendadas será voluntaria para o/a profesional e formalizarase como contido adicional do seu contrato de traballo (*addenda*).

A *addenda* pactada co/a residente concretará o ámbito funcional, temporal e territorial da encomenda.

- Ámbito funcional. A encomenda terá por obxecto realizar unha ou varias das seguintes funcións:

- a) Atención da consulta ordinaria dun cupo nun centro de saúde da área de referencia.
- b) Prolongacións de xornada por riba do seu horario ordinario.
- c) Gardas nos PAC ou servizos de urxencia hospitalaria.

- Ámbito temporal (vixencia): ata a finalización do período formativo. Poderá incluírse unha referencia expresa ao goce das vacacións por parte do/a residente, en función das necesidades asistenciais.

- Ámbito territorial: centro/s de traballo da área sanitaria nos que se exercerá a encomenda: centro/s de saúde // PAC/s // Servizo/s de urxencia hospitalaria.

## **Segundo. Incentivos**

### **1.- Retribucións (programa especial).**

A aceptación e cumprimento efectivo de encomenda pactada implicará unha retribución adicional e complementaria en concepto de complemento de produtividade (programa especial) cuxa contía será determinada coas seguintes bases:

- a) Atención da consulta ordinaria dun cupo nun centro de saúde: 2.037 €/mes ou parte proporcional.
- b) Prolongacións de xornada por riba do horario ordinario: utilizarase con carácter xeral o tipo A dos previstos no Manual de cobertura de ausencias dos centros de saúde: catro horas de consulta nas condicións previstas no dito manual e retribuídas con 216,92 €.
- c) Gardas nos PAC ou servizos de urxencia hospitalaria: contía adicional de 5,99 €/hora sobre a garda de MIR, resultando as contías adicionais de 41,93 € para a xornada de 7 horas, 101,83 € no caso da garda de 17 horas e 143,76 € na garda de 24 horas.

As contías que se abonen con cargo ao programa especial imputaranse ao subconcepto 12102 (outros complementos).

### **2.- Vinculación estable.**

A aceptación da encomenda proposta pola xerencia poderá incentivarse por esta cun compromiso escrito de vinculación estable que se fará efectiva tras a obtención da especialidade.



### **3.- Servizos prestados.**

Promoverase que os servizos prestados atendendo a consulta ordinaria dun cupo, ademais de co incentivo económico previsto na letra a) do número 1 anterior, sexan valorados para todos os efectos nos termos previstos para o persoal estatutario médico de atención primaria.

#### ***Terceiro. Atención á poboación pediátrica***

As funcións previstas nas letras a) e b) do número 1 do anterior apartado segundo tamén poderán ser encomendadas ao persoal residente en formación na especialidade de Pediatría e as súas áreas específicas para atender pacientes pediátricos, cos mesmos incentivos que se establecen para eses supostos.

#### ***Cuarto.- Comunicación aos órganos de representación do persoal***

As xerencias comunicarán aos órganos de representación do persoal (xuntas de persoal / comisións de centro) as encomendas que se realicen en aplicación deste Acordo.